



2 Feijóo reivindica unha política de benestar que aposta pola conciliación e que pon os máis pequenos no centro

11 A Xunta impulsa a guía para unha contratación pública socialmente responsable co obxectivo de fomentar a igualdade e a inclusión social no ámbito dos contratos públicos autonómicos

Feijóo subliña que se trata dunha guía pola que se deberán ter en conta criterios sociais nos contratos públicos, como a igualdade de xénero, a inclusión social e os dereitos das persoas con discapacidade, entre outros

14 Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de setembro cun total de 215.737 persoas desempregadas

Sumario	Política social	2-8	Informe do paro rexistrado	14-15	Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Traballo	9-15	Xuventude e voluntariado	16-17		Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Accidentes laborais	13	Publicacións e normativa	18-26		Coordinación: Pepa Dabán Royo
	As novas extráense da páxina web da Xunta de Galicia www.xunta.es					Maquetación: Antonio Lameiro Ces
						ISSN: 2254-7835



16 “Deseñando o teu futuro”: proxecto piloto de estancias – visitas en empresas

Traballo amplía a contía dos incentivos para a contratación de mozos e mozas inscritos no Sistema de garantía xuvenil

18 Publicacións

Catálogo de publicacións na web





O presidente do Goberno galego e a titular da Consellería de Traballo e Benestar visitaron as instalacións da nova Escola Infantil de Cambre - O Temple
Autor: Ana Varela

Feijóo reivindica unha política de benestar que aposta pola conciliación e que pon os máis pequenos no centro

- Salienta que a gardaría que abre as súas portas permitirá a 82 nenos e nenas de 0 a 3 anos dar os seus primeiros pasos xunto con outros rapaces, co fin de que os seus pais poidan compaxinar as súas obrigas profesionais e familiares
- Di que esta escola infantil únese á outra que A Galiña Azul xa ten na vila, polo que, en total, a Xunta pon á disposición dos cambreses un total de 164 prazas de gardarías totalmente públicas, cifra que ascende a máis de 9.000 ao sumar o resto de prazas que se atopan repartidas entre os 159 centros do país
- Pon en valor o incremento, por parte da Xunta, dun 70% do número de beneficiarios do servizo público de gardarías, coa creación de 3.827 prazas na Galiña Azul, 532 delas neste mesmo curso
- Lembra que a Xunta financia outras moitas prazas que non dependen dela, colaborando coas escolas dos concellos, de iniciativas sociais ou doutras entidades públicas, como o Sergas ou as universidades
- Sinala que son máis de 20.000 os meniños beneficiados por estas axudas, cunha ratio de cobertura que se incrementou en 15 puntos e xa supera o recomendado pola Unión Europea (33%)

Cambre, 25 de setembro de 2015.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, reivindicou unha política de benestar que aposta pola conciliación e que pon os máis pequenos no centro.

Así o manifestaba o mandatario galego en Cambre, onde foi, xunto coa conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, para visitar novas instalacións da nova Escola Infantil de Cambre – O Temple. Alí, Feijóo pronunciou

unhas palabras de lembranza para as vítimas do accidente do rally da Coruña e de apoio ás súas familias.

O titular da Xunta sinalou que a nova gardaría que abre as súas portas permitirá a 82 nenos e nenas de 0 a 3 anos dar os seus primeiros pasos xunto con outros rapaces, co fin de que os seus pais poidan compaxinar as súas obrigas profesionais e familiares.

Esta escola infantil únese á outra que A Galiña Azul xa ten nesta vila, polo que, en total, a Xunta pon á disposición dos cambreses un total de 164 prazas de gardarías totalmente públicas, cifra que ascende a máis de 9.000 ao sumar o resto de prazas que se atopan repartidas entre os 159 centros do país.

Segundo destacou Feijóo, Cambre non é a excepción, senón o exemplo dunha política

de Bbnestar centrada nos máis cativos, como así o demostra o incremento, por parte da Xunta, dun 70% do número de beneficiarios do servizo público de gardarías, coa creación de 3.827 prazas na Galiña Azul, 532 delas neste mesmo curso. Neste senso, matizou que a Xunta tamén financia moitas outras prazas que non dependen dela, colaborando coas escolas dos concellos, de iniciativas sociais ou doutras entidades públicas, como o Sergas ou as universidades.

En total, como recalcou o presidente, son máis de 20.000 os meniños beneficiados por estas axudas, cunha ratio de cobertura que se incrementou en 15 puntos e xa supera o recomendado pola Unión Europea (33%). Entre as prazas subvencionadas, medio milleiro fano a través do sistema de concerto que vimos

de poñer en funcionamento no curso que se está a iniciar, para o que destinamos preto de 2 millóns de euros.

A conciliación, unha obriga moral

Para o presidente do Goberno galego, a educación dos 0 aos 3 anos, aínda que non é obrigatoria, constitúe unha obriga moral, posto que un país que quere ter futuro debe favorecerlo a través do coidado dos cativos e da conciliación dos adultos.

Movidos por este espírito, a Administración autonómica estableceu un amplo paquete de actuacións que transcenden o ámbito das gardarías, entre as que destacan o desenvolvemento de ferramentas de conciliación novidosas, como as casas-niño ou o servizo de axuda no fogar para infancia (SAFI); a aposta pola flexibilidade horaria e o teletraballo na Administración, aos que se acolleron máis de 7.000 empregados; e a aprobación da Lei do emprego público, que amplía de 16 a 18 semanas a duración do permiso por parto, adopción ou acollemento para todos os traballadores públicos.

Segundo Feijóo, todas estas medidas converten a Galicia nunha referencia de conciliación a nivel estatal, pero aínda queda por facer.

Comeza o novo curso na rede autonómica ‘A Galiña Azul’ con preto de 9.300 prazas para nenos e nenas de 0-3 anos

Muros (A Coruña), 3 de setembro de 2015.- O novo curso na rede autonómica ‘A Galiña Azul’ comeza mañá cunha oferta total de preto de 9.300 prazas para nenos e nenas de 0-3 anos e a incorporación de dez novos centros. Así a rede autonómica contará neste curso cun total de 159 escolas infantís.

A oferta da rede vese un ano máis incrementada en relación ao curso anterior. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Roberto Rodríguez, visitou a escola de Muros (A Coruña), unha das oito de nova creación para este curso, xunto ás de Boiro, Cambre, Malpica, Melide, Oroso, Porto do Son e Salvaterra de Miño. A estas hai que engadir as escolas de Meira e de Narón-Xuvia, que xa funcionaban como escolas municipais e agora pasan a formar parte da rede da Xunta, que acada así as 9.294 prazas, unha oferta que supón un incremento do 71 por cento respecto ás

5.430 prazas coas que contaba en abril de 2009.

Ademais, no curso escolar 2015-2016 haberá preto de 500 novas prazas públicas de 0-3 anos financiadas con fondos da Administración autonómica a través do sistema de concerto con centros privados, unha opción que se puxo en marcha este ano por primeira vez nas sete cidades e as súas áreas de influencia.

Deste xeito, a oferta de prazas sostidas con fondos públicos complétase coas escolas municipais, as escolas dependentes de entidades de iniciativa social e doutras entidades e as máis de 1.000 prazas de cheque infantil, ata un total de preto de 20.500 prazas á disposición das familias galegas.

Con esta oferta, acádase por primeira vez a cobertura recomendada pola Unión Europea para o tramo de idade 0-3, que supón contar cunha oferta de 33 prazas para cada 100 nenos e nenas en idade de acceder a unha escola infantil.

Outras escolas en obras
O xerente do Consorcio indicou que “a posta en marcha de prazas públicas en escolas infantís de 0-3 anos é un dos obxectivos fundamentais do Plan de dinamización demográfica de Galicia, que conta con 69 medidas, e que pretende mellorar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos galegos e galegas”.

Nesa liña, ademais do incremento no comezo do actual curso, a planificación de novas prazas que está a executar a Consellería de Traballo e Benestar inclúe actualmente oito escolas xa en construción, que suporán un total de 471 novas prazas.

Eses novos equipamentos localízanse nos concellos de Ames, Fene, Burela, Marín, Tomiño, Oza-Cesuras, A Coruña e Arteixo. Cómpre salientar que as dúas últimas están a ser construídas no marco dun convenio coa Fundación Amancio Ortega.

<http://www.escolasinfantisdegalicia.es/>



Feijóo subliña a aposta da Xunta pola atención temperá como chave para lograr a integración dos nenos con trastornos no seu desenvolvemento



O presidente da Xunta presidiu o acto inaugural do IV Congreso Internacional de Atención Temprá e Educación Familiar. Autor: Xoán Crespo

- ▶ O Goberno autonómico leva a cabo unha estratexia de atención temperá tanto nos rapaces como súas familias
- ▶ A Estratexia galega de atención temperá baséase en tres eixos: o protocolo de coordinación, a axenda que recolle as liñas nas que se traballará ata o 2017 e a formación dos profesionais
- ▶ Reivindica que a política social da Xunta é “un sistema flexible e adaptado ao caso particular de cada galega e cada galego”.

Despois da aprobación do Decreto de atención temperá, en decembro de 2013, creouse o Consello Autonómico de Atención Temprá, un organismo transversal que inclúe profesionais de Sanidade, Educación e Benestar. Este ente implantou unha estratexia que xa está en pleno funcionamento e se articula en tres eixos: o protocolo de coordinación, a axenda que recolle as liñas nas que se traballará ata o 2017 e a formación dos profesionais de atención temperá, que arrancará o día 24 deste mes e que conta xa con 300 solicitudes de inscrición.

Política social adaptada a cada usuario

O presidente Feijóo subliñou que a política social da Xunta non é “rígida e monolítica” senón “un sistema flexible e adaptado ao caso particular de cada galega e cada galego”. Puxo como exemplo as catro carteiras de servizos sociais

(a das persoas en situación de dependencia; a das persoas con autonomía; a da familia, infancia e adolescencia e a da inclusión social), “un auténtico traxe social á medida”.

Por último, explicou que este sistema se ten trasladado á atención temperá mediante a apertura de tres unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar comarcais: en Lalín e Vilagarcía (que atenden anualmente a 250 familias desde 2009) e a que se abriu o ano pasado na comarca de Bergantiños. O orzamento da rede galega de atención temperá, ademais, aumentará en cinco millóns ao longo dos próximos cinco anos.

“Todos os nenos nesta situación e todas as súas familias saben que teñen moitas mans que os axudan a superar os impedimentos. Congresos como este axudan a que, cada vez, sexan máis mans as que se tenden a estes rapaces”, concluíu o presidente.

<http://www.usc.es/congresos/ciatef15/es#>



Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a importancia da aposta do Goberno autonómico pola atención temperá, isto é, por estimular os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos durante os seus primeiros seis anos de idade. “É de vital importancia para que estes rapaces poidan acadar o seu máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social”, reivindicou.

No acto inaugural do IV Congreso Internacional de Atención Temprá e Educación Familiar, Feijóo quixo agradecer o traballo que se vén realizando desde a Universidade en Galicia, que “exerceu como unha auténtica

vanguardia intelectual e científica en canto á investigación sobre a atención temperá”. Salientou especialmente o traballo da Unidade de Atención Temprá da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa directora foi premiada no 2013 pola Federación Española de Enfermedades Raras.

“A investigación é o primeiro paso necesario para a implantación de calquera política social innovadora e exitosa —indicou o presidente—, o segundo paso require dunha Administración pública comprometida, como o foi a Xunta”. O Goberno autonómico leva a cabo unha estratexia de atención temperá centrada nos nenos e nas súas familias, que “se están enfrontando a unha situación que para eles é nova e difícil”.

Benestar ampliará os recursos de atención ao alzhéimer coa creación das primeiras unidades terapéuticas de Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou en Vigo o centro de atención integral da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias de Galicia (AfaGa)
- ▶ A Xunta conta actualmente cunha rede de centros especializados nesta enfermidade, que ofertan 412 prazas, das que 180 foron creadas por este Goberno
- ▶ A carteira de servizos de atención á dependencia inclúe recursos deseñados especificamente para atender este colectivo
- ▶ O próximo luns, día 21, conmemórase o Día Mundial desta enfermidade.

Vigo, 18 de setembro de 2015.-

A Consellería de Traballo e Benestar ampliará os recursos destinados á atención ao alzhéimer a través da creación, por primeira vez en Galicia, de unidades terapéuticas especializadas nesta enfermidade. Nestas unidades prestarase un servizo de atención diurna terapéutica de media estancia, no que os usuarios poderán acceder a recursos como a valoración inicial, apoio nas actividades básicas e de ocio, mantemento e rehabilitación, formación e asesoramento ás familias.

Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa visita a Vigo ao centro de atención integral da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias de Galicia (AfaGa), unha entidade que leva “máis de dúas décadas” de traballo diario cos enfermos e as súas familias.

Mato lembrou que estes novos recursos se sumarán á rede de centros especializados cos que xa conta a Xunta, e que converte a Galicia na “única comunidade autónoma que oferta unha rede destas características”. En total, son 13 os centros destinados ás persoas con esta enfermidade, que suman 412 prazas públicas, das que o 43 por cento (180) foron creadas polo actual Goberno.

Ademais, a titular do departamento autonómico puxo en valor outros avances, como a carteira de servizos específica para persoas enfermas de alzhéimer, que define recursos e programas deseñados de xeito especializado para este colectivo, nos que se inclúen actividades de prevención e promoción da autonomía persoal; a axuda a domicilio; ou a atención diurna, nocturna e residencial.



Compromiso conxunto e solidario

Con todo, Mato fixo fincapé en que é preciso seguir traballando e mellorando a atención que se presta ás persoas que padecen esta enfermidade e ás súas familias, un avance que, considerou, debe xurdir dun “compromiso conxunto, continuo e solidario”. De aí que destacase especialmente a colaboración con entidades de iniciativa social, como AfaGa.

Ao respecto, recordou que o departamento de Benestar leva traballando de xeito conxunto con AfaGa desde o ano 2009. Ata o momento, téñense investido 3,7 millóns de euros en distintas liñas de colaboración con esta

asociación. Nesta cooperación mutua, inclúense a xestión e programación de centros de día, ou a execución de cursos de formación para desempregados en materia de atención sociosanitaria.

Xa para rematar, a conselleira considerou que é tamén “moi importante” visibilizar e crear conciencia social sobre os problemas e necesidades destas persoas. Este é, precisamente, un dos obxectivos do Día Mundial do Alzhéimer, que se celebrou o día 21. “Por iso, nunha semana tan sinalada, queremos ratificar de novo o noso compromiso con todas as persoas que sofren esta enfermidade”, concluíu Mato.

<http://afaga.com/>

<http://www.ceafa.es/es/plan-estrategico/informacion/dia-mundial-del-alzheimer/ano-2015>



Benestar presenta no I Congreso Estatal de Servizos Sociais en Vitoria o novo modelo galego baseado en catro carteiras

- ▶ A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, participou na capital vasca neste foro, onde destacou que o Goberno galego se está a adaptar ás preferencias de atención social das persoas
- ▶ Piñeiro indicou que o obxectivo da Xunta é prestar diferentes servizos nun mesmo equipamento ou nos propios fogares e que sexan innovadores, flexibles e compatibles entre si
- ▶ Resaltou a importancia de deseñar unha estratexia para previr a dependencia e apostar pola coordinación sociosanitaria e educativa, como xa está a facer a Administración galega
- ▶ A secretaria xeral indicou que a Xunta traballa para acadar unha historia sociosanitaria electrónica única

Vitoria (Álava), 29 de setembro de 2015.- Galicia participa en Vitoria no I Congreso Estatal de Servizos Sociais, un foro no que interveu a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, para explicar os avances sociais acadados en Galicia nos últimos anos.

A responsable do departamento autonómico expuxo as características principais do novo modelo social que se está a implantar en Galicia baseado en catro carteiras: de atención á dependencia e promoción á autonomía; para persoas maiores e/ou con discapacidade con

autonomía; para a infancia, a familia e adolescencia; e a carteira de inclusión social.

Piñeiro indicou que con este novo modelo o que se regula é o servizo que se presta e non o equipamento desde o que se oferta, o que permite, segundo explicou, ofrecer máis dun servizo desde unha mesma instalación optimizando os equipamentos e facilitando a aproximación ao contorno dos usuarios, incluso, prestándoos no mesmo domicilio.

Outras das vantaxes deste modelo, tal e como apuntou Piñeiro, é o recoñecemento das diferentes necesidades entre

discapacidades e o regulamento específico para cada unha delas; a desaparición do límite de idade para o acceso aos servizos de dependencia; a compatibilidade de servizos e a consolidación das tecnoloxías como instrumentos de apoio na atención ás persoas.

Piñeiro, ademais, resaltou a importancia de deseñar unha estratexia para previr a dependencia como xa fixo Galicia co obxectivo de reducir a distancia entre a esperanza de vida e a esperanza de vida libre de dependencia. “A estratexia da Xunta non é só un compromiso de medidas de Goberno, senón tamén unha guía orientativa para o conxunto da sociedade”, apuntou.

A secretaria xeral de Política Social expuxo tamén en Vitoria as liñas de traballo que se están a levar a cabo na comunidade galega para acadar unha verdadeira coordinación entre os sistemas sociosanitario e educativo. Para iso, a Xunta está a desenvolver unha planificación conxunta e coordinada e froito

disto é o Plan marco de coordinación sociosanitaria ou a creación da rede autonómica de atención temperá.

Piñeiro destacou a importancia de compartir un sistema único de información e, deste xeito, sinalou que o Goberno galego está a levar a cabo un proxecto que lidera a Axencia galega de Modernización Tecnolóxica para crear unha historia sociosanitaria electrónica.

Para concluír, a secretaria xeral afirmou que “Galicia está a mellorar a eficiencia e a equidade dos servizos públicos, ao adaptarnos ás preferencias de atención das persoas, e estamos a traballar para acadar servizos próximos ao usuario, que sexan innovadores, flexibles e compatibles entre si, coordinados con outros sistemas contribuíndo a unha actuación integral sobre as persoas, que actúen desde un enfoque preventivo e garantan a continuidade dos coidados e que estean facilitados por innovacións tecnolóxicas”.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada>



Mato destaca o labor dos bancos de alimentos para apoiar e asistir os colectivos en risco de exclusión social



Beatriz Mato participou en Santiago na reunión anual da Federación estatal de bancos de alimentos
Autor: Xoán Crespo

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2015.- A Consellería de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou o labor da Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL) para apoiar e asistir os colectivos en risco de exclusión social que, ao seu xuízo, “son un exemplo de xestión e aproveitamento da colaboración solidaria e desinteresada dos cidadáns”.

Beatriz Mato participou en Santiago na reunión anual da Federación Estatal de Bancos de Alimentos e, na súa intervención, referiuse á estreita colaboración coa Federación galega. En primeiro lugar, a través do convenio de colaboración nominativo que existe desde 2013 e que, este ano, conta cun incremento do 20% no orzamento, ata os 60.000 euros, “para a repartición de alimentos a entidades benéficas para que persoas sen recursos poidan cubrir as súas necesidades alimenticias básicas”.

Ademais, a Xunta, a FEGAMP e Banco de Alimentos contan cun acordo a tres bandas para dar cobertura durante a época estival a aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade con menores a cargo. Neste sentido, o Banco de Alimentos repartiu 23.000 kilos de

comida en 20 concellos de Galicia este verán, para beneficiar a 153 familias e 557 persoas.

Así mesmo, a conselleira indicou que a orde de inclusión para entidades volveu ampliar a súa contía en 2015 ata os 5,2 millóns de euros, é dicir, un 40% máis que en 2014. Mato lembrou que “en tres anos a Consellería logrou incrementar nun 80% a partida destinada a entidades de inclusión social”, ademais de que, “por terceiro exercicio consecutivo, se garante que todos os comedores, albergues e centros de acollida autorizados reciban subvención”.

Doutra banda, a responsable de Benestar apuntou que a ‘Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020’ conta con 520 millóns para os seis anos e un total de 300

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Santiago na reunión anual da Federación Estatal de Bancos de Alimentos
- ▶ A Consellería mantén un convenio nominativo coa Federación galega que este ano conta cun incremento do 20% no orzamento, ata os 60.000 euros
- ▶ Ademais, a Xunta, a FEGAMP e Banco de Alimentos asinaron un acordo para dar cobertura durante a época estival a aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade con menores a cargo, que supuxo a repartición de 23.000 kilos de comida en 20 concellos, para beneficiar a 153 familias e 557 persoas
- ▶ A conselleira indicou que a Orde de inclusión para entidades volveu ampliar a súa contía en 2015 ata os 5,2 millóns de euros, é dicir, un 40% máis que en 2014
- ▶ Beatriz Mato referiuse á atención aos refuxiados, indicou que Galicia conta xa con decenas de instalacións nas que podería dárseles acollida, e destacou a importancia da coordinación para “sumar esforzos, optimizar recursos e dar unha resposta real tanto a corto como a longo prazo a esta traxedia”.

medidas que pretenden achegar “unha clara perspectiva integral na loita contra as situacións de exclusión e pobreza”.

Neste marco deseñouse o Plan de loita contra a desigualdade económica, con 23 medidas concretas que pretende “chegar a todos os colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de pobreza, con prioridade para as familias con menores a cargo” para cubrir as súas necesidades en materia de sanidade, vivenda e educación. Algunhas das súas medidas son o cheque escolar para a adquisición de material, o ticket eléctrico social, o bono aluguer ou a bonificación de medicamentos.

Por último, Beatriz Mato referiuse á atención aos refuxiados e indicou que Galicia conta xa

con decenas de instalacións autonómicas, de entidades locais e de ONG nas que podería darse acollida a refuxiados. Neste sentido, destacou a importancia da coordinación e a capacidade de traballar unidos para “sumar esforzos, optimizar recursos e dar unha resposta sensata e real tanto a corto como a longo prazo a esta traxedia”.

Así, Mato relatou que este proceso conta con dúas fases: acollida e integración. Por iso “desde un primeiro momento quixemos contar con todos, especialmente coas ONG, para, coas súas achegas, as das entidades locais e as da Xunta, desenvolver un plan integral que permita a Galicia dar unha resposta seria e coordinada”.

<http://www.bancodealimentos.es/>

<http://www.fegaban.es/>



Benestar destaca a importancia de defender os dereitos e a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou a xornada na que se presentou a 'Guía de comunicación sobre pobreza e exclusión' e un código de conduta e boas prácticas, organizada por EAPN
- ▶ González concluíu que toda a sociedade ten que sensibilizarse sobre as fortalezas e capacidades das persoas que viven en situacións de pobreza e exclusión social, así como a súa posibilidade de saír desta situación
- ▶ A Xunta de Galicia aposta firmemente pola inclusión, tal e como reflicte o orzamento destinado a este eido que, en 2015, medra nun 17,7% ata os 70 millóns de euros
- ▶ Este esforzo orzamentario complementase con avances en materia de planificación como na recente aprobación da nova Estratexia de Inclusión Social (EIS), que conta cun orzamento de 522 millóns de euros para o período 2014-2020

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015.- A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, destacou a importancia de loitar contra a pobreza e a exclusión social "día a día" de maneira conxunta desde a Administración, os medios de comunicación e as entidades sociais para "reforzar as medidas e o orzamento destinado á inclusión".

Amparo González participou hoxe na xornada na que se presentou a 'Guía de comunicación sobre pobreza e exclusión' e un código de conduta e boas prácticas, organizada por EAPN e, na súa intervención, subliñou a importancia dos medios de comunicación no tratamento da

información relacionada coa exclusión e na defensa dos dereitos e a dignidade das persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade protexendo sempre a súa imaxe e intimidade.

González concluíu que toda a sociedade ten que "achegar ideas para loitar contra as situacións de exclusión; concienciar e fomentar a reflexión e o coñecemento da realidade; e utilizar imaxes para sensibilizar sobre as fortalezas e capacidades das persoas que viven en situacións de pobreza e exclusión social, así como a súa posibilidade de saír desta situación".

A directora xeral destacou a aposta da Xunta pola inclusión como unha das máximas

<http://eapn-galicia.com/>



A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou a xornada na que se presentou a 'Guía de comunicación sobre pobreza e exclusión' e un código de conduta e boas prácticas, organizada por EAPN. Autor: Xoán Crespo

prioridades do Goberno galego. Por iso, en 2015 o orzamento destinado a este ámbito de actuación medra nun 17,7%, ata os 70 millóns.

Este esforzo orzamentario complementase con avances en materia de planificación, que se reflicten, por exemplo, na recente aprobación da nova Estratexia de inclusión social (EIS), que ten entre os seus principais obxectivos loitar contra a pobreza infantil, reducir as consecuencias da exclusión territorial, dar un novo pulo á inserción no mercado laboral e mellorar a prevención nos casos de vulnerabilidade. Para

iso conta cun orzamento de 522 millóns de euros para o período 2014-2020.

Neste marco deseñouse o Plan de loita contra a desigualdade económica, con 23 medidas concretas que pretende "chegar a todos os colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de pobreza, con prioridade para as familias con menores a cargo" para cubrir as súas necesidades en materia de sanidade, vivenda e educación. Algunhas das súas medidas son o cheque escolar para a adquisición de material, o ticket eléctrico social, o bono aluguer ou a bonificación de medicamentos.

<http://www.eapn.es/>



Traballo amplía a contía dos incentivos para a contratación de mozos e mozas inscritos no Sistema de garantía xuvenil

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 185, do 28.09.2015) publica a modificación da orde que convocaba estas axudas
- ▶ Ademais, amplía o ámbito temporal das accións subvencionables, así como o prazo de presentación de solicitudes, ata o 31 de outubro
- ▶ Así, pasarase a financiar o 100 por cento do custo salarial das contratacións indefinidas iniciais, mentres que as de carácter temporal recibirán unha axuda equivalente ao 50 por cento do custo salarial

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº185, do 28.09.2015) publica a orde da Consellería de Traballo e Benestar que modifica o programa de incentivos á contratación dos mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil, co fin de ampliar as contías das axudas e de estender ata o 31 de outubro tanto o ámbito temporal das accións subvencionables, como o prazo de presentación de solicitudes.

Esta convocatoria, que conta cun orzamento de 3,2 millóns de euros, recolle dúas modalidades de axudas: para contratación indefinida e para temporal.

Con esta modificación, pasarase a financiar o 100 por cento do custo salarial da contratación indefinida inicial, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social e calculado sobre dúas anualidades. Esta subvención non poderá ser superior á contía do salario establecida no convenio colectivo sectorial ou de empresa aplicable ao contrato que se subvenciona. A convocatoria anterior recollía unha subvención de 7.000 euros, que podería incrementarse en 600 para mulleres e ata 8.200 se a contratación era realizada por empresas pertencentes a sectores estratéxicos.

Pola súa banda, nas contratacións temporais a contía da



subvención incrementase ata o 50 por cento do custo salarial establecido no contrato, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social. Se a persoa contratada é muller, ten unha discapacidade ou pertence a un colectivo en risco de exclusión social, a porcentaxe aumenta ata o 60 por cento. Ademais, se a contratación é realizada por unha empresa dun sector estratéxico, a axuda sería equivalente ao 65 por cento.

Na convocatoria anterior, as contratacións de carácter temporal a tempo completo, así como a súa transformación en indefinido –agás o contrato temporal para a formación e aprendizaxe-, contaban con

axudas comprendidas entre 1.200 euros por un contrato de 6 meses e 3.600 euros para contratos en prácticas. As contías tamén se incrementaban se se contrataba a unha muller ou se a contratación era realizada por unha empresa do sector estratéxico.

Para inscribirse no Sistema nacional de garantía xuvenil é necesario ter nacionalidade española ou ser cidadán europeo ou estranxeiro que resida en España, estar empadroadado en calquera municipio español, ser menor de 30 anos, non ter traballado nos 30 días anteriores á solicitude e non ter recibido accións educativas de máis de 40 horas mensuais nos 90 días anteriores.

<http://garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/gl/>



Traballo reforza a súa aposta polos emprendedores con dúas novas ordes de axudas



A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, participou na VIII Edición dos premios MOCE, promovidos pola Fundación Ronsel.

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, participou na VIII Edición dos premios MOCE, promovidos pola Fundación Ronsel, á que se presentaron cen solicitudes
- ▶ Recordou que o seu departamento inviste 20 millóns de euros en tres convocatorias de subvencións diferentes para este colectivo
- ▶ Desde o ano 2009, Trabajo ten apoiado a máis de 20.000 traballadores por conta propia
- ▶ Durante a súa intervención, Mato puxo en valor a “dimensión social e económica” do emprendemento.

na dinamización económica de Galicia, polo que puxo en valor a “dimensión social e económica” do emprendemento.

Actualmente, hai en Galicia máis de 225.000 autónomos, o que representa cerca do 25 por cento do total de afiliados á Seguridade Social e sitúa a Galicia seis puntos por riba da media estatal.

Polo tanto, dada a relevancia -tanto cualitativa como cuantitativa- do colectivo, Trabajo está a colaborar co resto de departamentos da Xunta co fin de prover ao colectivo dun “apoio integral”. Como exemplo, citou o desenvolvemento da primeira Lei de emprendemento de Galicia que ten como obxectivo converter a Administración nun “facilitador de solucións”.

Xa no eido das subvencións, lembrou que o departamento que dirixe, renova e mellora cada ano a súa aposta polos autónomos.

Recordou, así, que desde 2009 Trabajo ten apoiado a máis de 20.000 traballadores por conta propia.

Ademais da publicación este ano de dúas novas ordes de axudas, Mato recordou tamén que a Consellería foi pioneira en ofrecer financiamento aos autónomos para contratar “non só o seu primeiro traballador, senón tamén o segundo e o terceiro”.

“En definitiva, o noso apoio foi, é e será máximo, porque os emprendedores son a base do crecemento sustentable que se ten iniciado en Galicia” concluíu Mato, quen confiou en que a entrega de premios “simbolice o noso apoio e agradecemento non só aos gañadores e finalistas, senón a todas as persoas que apostan por unha idea e poñen o seu esforzo nun proxecto que lles permite desenvolverse a nivel persoal e profesional”.

<http://fundacionronsel.org/>



A Xunta impulsa a guía para unha contratación pública socialmente responsable co obxectivo de fomentar a igualdade e a inclusión social no ámbito dos contratos públicos autonómicos

- ▶ Feijóo subliña que se trata dunha guía pola que se deberán ter en conta criterios sociais nos contratos públicos, como a igualdade de xénero, a inclusión social e os dereitos das persoas con discapacidade, entre outros
- ▶ Di que este acordo supón seguir dando cumprimento a un dos obxectivos fixados na Lei de racionalización: o de aproveitar as contratacións públicas para contribuir a obxectivos estratéxicos da Comunidade
- ▶ Asegura que se incluírá nas obrigas do contratista que cumpra a normativa laboral e social de que os traballadores que vaian executar o contrato o farán en condicións de traballo digno e de calidade
- ▶ Destaca a importancia dos puntos que se inclúen para protexer o persoal afectado pola subrogación, de tal xeito que a guía propón considerar que as ofertas son anormais ou desproporcionadas cando o prezo ofertado sexa inferior ao importe correspondente aos custos salariais mínimos que correspondan ao persoal suxeito a subrogación
- ▶ No eido da Igualdade, os contratos deberán incluír a perspectiva de xénero nas especificacións técnicas cumprindo as leis vixentes, por exemplo as prescricións técnicas dun contrato que teña por obxecto a elaboración dunha campaña de publicidade debe esixir que a súa linguaxe e contido non sexan sexistas.



Alberto Núñez Feijóo, na rolda de prensa do Consello
Autor: Conchi Paz

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, sinala que o Consello da Xunta vén de aprobar un acordo para presentar e publicar a Guía para unha contratación pública socialmente responsable, co obxectivo de fomentar a igualdade e a inclusión social no ámbito dos contratos públicos autonómicos.

Segundo precisou Feijóo, este acordo supón seguir dando cumprimento a un dos obxectivos fixados na Lei de racionalización: o de aproveitar as contratacións públicas para contribuir a obxectivos estratéxicos da Comunidade.

Como asegurou o mandatario galego, trátase dunha guía pola que se deberán ter en conta criterios sociais nos contratos públicos, como a igualdade de

xénero, a inclusión social e os dereitos das persoas con discapacidade, entre outros.

Este tipo de criterios terán que pasar a formar parte das prescricións técnicas dos contratos. Ademais, como destacou Feijóo, incluírase nas obrigas do contratista que cumpra a normativa laboral e social de que os traballadores que vaian executar o contrato o farán en condicións de traballo digno e de calidade.

Do mesmo xeito, o titular da Xunta tamén destacou a importancia dos puntos que se inclúen para protexer o persoal afectado pola subrogación, de tal xeito que a guía propón considerar que as ofertas son anormais ou desproporcionadas cando o prezo ofertado sexa inferior ao importe correspondente aos custos salariais mínimos que correspondan ao persoal suxeito a subrogación.

No eido da igualdade, os contratos deberán incluír a perspectiva de xénero nas especificacións técnicas cumprindo as leis vixentes, por exemplo as prescricións técnicas dun contrato que teña por obxecto a elaboración dunha campaña de publicidade debe esixir que a súa linguaxe e contido non sexan sexistas.

Esta medida súmase a varias decisións adoptadas nos últimos meses na mesma liña e que desenvolven o Plan de mellora da contratación pública aprobado pola Xunta en xuño de 2014, como son a aprobación dunha guía para fomentar a autoprovisión, é dicir, para non facer con recursos alleos o que se pode facer con recursos propios da Administración; ou

a aprobación da cláusula para a mellora da negociación nos procedementos negociados, que contempla que as distintas empresas poidan coñecer logo da primeira fase, as características esenciais das ofertas das súas competidoras.

Do mesmo xeito, o mandatario galego puxo en valor outras actuacións enmarcadas no dito Plan, como a priorización na contratación das persoas con discapacidade, coa reserva de contratos a centros especiais de emprego e a empresas de inserción (reserva de entre un 3 e un 5% dos contratos adjudicados no exercicio orzamentario anterior); ou o fomento da innovación na contratación pública coa aprobación dunha guía de boas prácticas.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140127/AnuncioC3B0-301213-0001_es.pdf

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150430/AnuncioC3B0-090415-0001_gl.pdf

A Xunta forma as empresas para a realización da primeira lonxa de financiamento responsable de Galicia

- Un grupo de empresas seleccionadas recibirán sesións de tutorización para facilitar a identificación das cuestións ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG) relevantes na súa actividade e a integración de criterios de sustentabilidade e responsabilidade corporativa na súa xestión estratéxica
- Así mesmo, no programa, que se desenvolverá durante os meses de outubro e novembro en Santiago, formarase aos asistentes en habilidades de comunicación e presentacións eficaces, especialmente dirixidas a investidores

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2015.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social; xunto coa Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, están a promover un programa formativo e de asesoramento, que rematará coa realización da primeira lonxa de financiamento responsable que se leve a cabo en Galicia.

Un grupo de empresas seleccionadas recibirán sesións de formación e tutorización para facilitar a identificación das cuestións ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG) relevantes na súa actividade e a integración de criterios de sustentabilidade e responsabilidade corporativa na súa xestión estratéxica e comunicación. Así mesmo, no programa, que se desenvolverá durante os meses de outubro e novembro en Santiago, formaranse os asistentes en habilidades de comunicación e presentacións eficaces, especialmente dirixidas a investidores.

A Xunta considera que “unha empresa que identifica e xestiona os seus riscos e as súas oportunidades e sabe comunicalas, lles dará unha imaxe máis completa aos investidores sobre o seu valor potencial, optando a máis oportunidades para captar financiamento para o seu proxecto empresarial”.

Tras estas sesións, celebrárase a primeira lonxa galega de investimento responsable na que os participantes terán a oportunidade de presentar os seus proxectos empresariais ante un grupo de entidades de investimento público e privado; escoitar de man dos investidores os criterios non financeiros aos que atenden; manter reunións bilaterais; e practicar o networking.

As empresas interesadas en participar no programa poderán inscribirse ata o 22 de setembro a través do correo info@inversionresponsable.org. Toda a información sobre o programa de formación e a lonxa de investimento poderá consultarse na páxina web do proxecto: <http://inversionresponsable.org>.

<http://inversionresponsable.org>



Traballo aposta polo espírito emprendedor e a creación de empresas para impulsar o emprego entre a mocidade

- A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, clausurou o programa de creación e consolidación de empresas da Cámara de Comercio de Santiago
- Bouso lembrou que o departamento puxo en marcha este ano un programa específico para mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que pretendan desenvolver a súa actividade como autónomos en Galicia, cunha dotación de 2,3 millóns de euros

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015.- A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, salientou que un dos eixos da Consellería de Traballo e Benestar pasa polo “apoio firme ao traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas” para impulsar o emprego entre a mocidade.

Carmen Bouso clausurou o Programa de creación e consolidación de empresas da Cámara de Comercio de Santiago e, na súa intervención, lembrou que, como novidade, o departamento autonómico puxo en marcha este ano un programa específico para mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que pretendan desenvolver a súa actividade como autónomos en Galicia, cunha dotación de 2,3 millóns de euros.

Segundo explicou Carmen Bouso, esta iniciativa conta con dous tipos de axuda: subvencións para o establecemento de mozos e mozas como persoas

traballadoras autónomas ou por conta propia de entre 7.500 e 10.000 euros; e outra para a posta en marcha de iniciativas de autoemprego xuvenil, cunha contía de 1.200 euros. O prazo de presentación de solicitudes esténdese ata o 30 de setembro.

Para inscribirse no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil é necesario ter nacionalidade española ou ser cidadán europeo ou estranxeiro que resida en España, estar empadroado en calquera municipio español, ser menor de 30 anos, non ter traballado nos 30 días anteriores á solicitude, e non ter recibido accións educativas de máis de 40 horas mensuais nos 90 días anteriores.

A directora xeral destacou que o departamento autonómico seguirá apoiando o labor dos emprendedores e autónomos e fixo fincapé na aposta do Goberno galego pola mocidade neste eido. Resaltou que o Goberno galego seguirá a impulsar o traballo autónomo “facendo atractiva esta vía de incorporación ou reincorporación ao mercado laboral para a mocidade”.

<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html>



O mes de agosto remata cun total de 1.832 accidentes laborais en Galicia

- O 98 por cento do total dos sinistros rexistrados neste período foron de carácter leve

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2015.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en agosto de 2015 ascendeu a 1.832, o que supón un 10,49% máis do rexistrado no mesmo mes do ano anterior (1.658).

Do total dos accidentes, 1.804 foron accidentes leves, 21 graves e 7 mortais.

Por sectores os accidentes aumentaron nas seguintes porcentaxes: na agricultura nun 1,96%; nos servizos nun 6,27%; na construción nun 15,05%; e na industria nun 22,14%. Pola súa banda, os accidentes diminuíron na pesca nun 6,59%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia aumentou un 9,02% en agosto deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os aumentos segundo sectores foron os seguintes: na agricultura do 3,31%; nos servizos do 4,67%; na construción do 13,07%; e na industria do 20,16. A incidencia na pesca diminuíu nun 5,06%.

Evolución anual

A sinistralidade laboral aumentou un 10,22% nos oito primeiros meses do ano, cun total de 16.158 accidentes laborais fronte aos 14.660 no mesmo período do ano 2014.

Este aumento dos accidentes laborais non se produciu por igual en todas as provincias. Así o incremento foi do 3,58% na Coruña; do 5,23% en Lugo; do 9,73% en Ourense; e do 22,53% en Pontevedra.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de agosto de 2015:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	80	22	102	81	23	104	1,25	4,55	1,96
Pesca	78	13	91	81	4	85	3,85	-69,23	-6,59
Industria	360	69	429	417	107	524	15,83	55,07	22,14
Construción	205	1	206	234	3	237	14,15	200,00	15,05
Servizos	434	396	830	514	368	882	18,43	-7,07	6,27
Totais	1.157	501	1.658	1.327	505	1.832	14,69	0,80	10,49

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a agosto:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	552	183	735	608	208	816	10,14	13,66	11,02
Pesca	750	80	830	633	71	704	-15,60	-11,25	-15,18
Industria	3.263	759	4.022	3.742	863	4.605	14,68	13,70	14,50
Construción	1.794	13	1.807	1.933	19	1.952	7,75	46,15	8,02
Servizos	3.818	3.448	7.266	4.373	3.708	8.081	14,54	7,54	11,22
Totais	10.177	4.483	14.660	11.289	4.869	16.158	10,93	8,61	10,22

Accidentes totais por provincias de xaneiro a xullo:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	4.812	2.144	6.956	5.027	2.178	7.205	4,47	1,59	3,58
Lugo	1.178	487	1.665	1.236	516	1.752	4,92	5,95	5,23
Ourense	1.064	488	1.552	1.144	559	1.703	7,52	14,55	9,73
Pontevedra	3.123	1.364	4.487	3.882	1.616	5.498	24,30	18,48	22,53
Totais	10.177	4.483	14.660	11.289	4.869	16.158	10,93	8,61	10,22

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>



Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de setembro cun total de 215.737 persoas desempregadas

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2015.- Galicia pechou o mes de setembro cun total de 215.737 persoas desempregadas, o que supón un incremento do 0,94 por cento con respecto ao mes anterior (+2.005 persoas).

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, puxo en valor o comportamento interanual do paro rexistrado en Galicia, posto que xa se acumulan case dous anos de descensos interanuais consecutivos. En concreto, esta é a vixésimo terceira baixada. Así, este setembro o paro descendeu en 22.466 persoas (-9,43%) con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o que supón a segunda maior baixada interanual dun mes de setembro de toda a serie histórica, isto é, desde 1996.

Grazas a este comportamento, Galicia volve a niveis de paro inferiores aos que existían en 2010, polo que “hoxe temos menos inscritos nas oficinas dos que había hai cinco anos”.

En España, o desemprego aumentou en 26.087 persoas, un 0,64 por cento, ata situarse nos 4.094.042 parados. En termos

interanuais, o paro en España diminuíu nun 7,95%, polo que Galicia sitúase por riba da media estatal nesta evolución.

Por sectores, o aumento do desemprego mensual concéntrase exclusivamente no sector servizos (+3.260), debido ao remate da tempada estival, mentres que descende nos restantes. Destaca especialmente o bo comportamento da construción (-753) e da industria (-357), sectores que non están tan condicionados polo final do verán. Tamén baixa no colectivo sen emprego anterior (-73) e na agricultura e a pesca (-72).

Por provincias, o desemprego incrementouse en todas elas, agás en Ourense, onde baixa en 58 persoas. Aumenta especialmente en Pontevedra (+1.391), seguida por Lugo (+492), e A Coruña (+180).

Contratos

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 87.553 contratos, 11.589 máis que no mes anterior. Deste total, 6.097 foron indefinidos (6,96%), e 81.456 temporais (93,04%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 8,95%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	84.810	180	0,21	-9.437	-10,01
Lugo	21.055	492	2,39	-1.747	-7,66
Ourense	23.506	-58	-0,25	-1.811	-7,15
Pontevedra	86.366	1.391	1,64	-9.471	-9,88
Galicia	215.737	2.005	0,94	-22.466	-9,43
España	4.094.042	26.087	0,64	-353.608	-7,95

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	38.211	46.599	84.810
Lugo	9.845	11.210	21.055
Ourense	10.359	13.147	23.506
Pontevedra	38.440	47.926	86.366
Galicia	96.855	118.882	215.737
España	1.849.241	2.244.801	4.094.042

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
A Coruña	4.116	80.694	84.810
Lugo	1.179	19.876	21.055
Ourense	1.335	22.171	23.506
Pontevedra	4.428	81.938	86.366
